DANIEL VEGA PEREZ (1 para 1)
ALCALDE
Data de Sinatura: 16/10/2026
HASH: 9c7f7e77e2bcb72bf9361b922230e2c9

RIBADEO

ANUNCIO

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROGRAMA A PANCHA, A NOSA MOEDA LOCAL 2026

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O tecido comercial, hostaleiro e de servizos constitúe un dos principais elementos vertebradores da actividade económica e social do Concello de Ribadeo, contribuíndo de maneira significativa á xeración de emprego, á dinamización dos espazos urbanos, á prestación de servizos á cidadanía e á consolidación do municipio como referente comercial e turístico do seu ámbito territorial.

Nos últimos anos, este tecido empresarial está a afrontar un proceso de transformación derivado, entre outras circunstancias, do incremento dos custos de funcionamento, da evolución dos prezos dos bens e servizos, da intensificación da competencia e da modificación dos hábitos de consumo, así como da progresiva dixitalización da actividade económica.

Por este motivo, o Concello de Ribadeo considera necesario desenvolver medidas de apoio e estímulo da economía local que contribúan a incentivar o consumo nos establecementos do municipio, favorezan a permanencia do gasto no territorio e reforcen a actividade do tecido empresarial local.

Con esta finalidade créase o programa «A Pancha, a nosa moeda local», como instrumento de dinamización económica mediante o outorgamento de subvencións destinadas a incentivar o consumo de bens e determinados servizos nos establecementos adheridos ao programa.

A presente convocatoria e bases reguladoras réxense pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións; polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; pola normativa reguladora do réxime local e da facenda local; pola Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ribadeo; polas bases de execución do orzamento municipal; polo Real decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas, e demais normativa que resulte de aplicación.

De conformidade co establecido no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no exercicio das competencias municipais que corresponden, as presentes bases reguladoras foron aprobadas por Resolución da Alcaldía, de data 14 de outubro de 2026.

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

ARTIGO 1. OBXECTO

As presentes bases teñen por obxecto regular o programa «A Pancha, a nosa moeda local» correspondente ao exercicio 2026, así como establecer as condicións, requisitos e procedemento aplicables á concesión das subvencións previstas no mesmo.

O programa configúrase como un sistema de concesión de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva, de conformidade coas condicións e cos requisitos establecidos nas presentes bases, destinado a incentivar o consumo de bens, produtos e determinados

Cod. Validación: 43QWPR6YWF299YDCQZH94KY9J
Corrección: https://ribadeo.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 11

servizos nos establecementos adheridos ao programa e a contribuír á dinamización da actividade económica local.

As Panchas constitúen exclusivamente un mecanismo de aplicación e control da subvención concedida, polo que non terán a consideración de moeda de curso legal, instrumento monetario, título valor, medio de pagamento autónomo ou activo financeiro, nin poderán ser trocadas por diñeiro en efectivo.

Para os únicos efectos de determinación do importe e aplicación da subvención, establécese a equivalencia nominal de 1 Pancha = 1 euro. O saldo dispoñible en Panchas estará integrado pola achega económica efectuada pola persoa beneficiaria e pola subvención concedida polo Concello, nos termos establecidos no artigo 7.

ARTIGO 2. FINALIDADE E OBXECTIVOS

O programa ten como finalidade contribuír á dinamización da economía local e, en particular:

a) **Fortalecer a actividade das persoas traballadoras autónomas e das microempresas** e pequenas empresas dos sectores incluídos no programa.

b) **Estimular o consumo de proximidade** e favorecer que unha maior parte do gasto da cidadanía se realice nos establecementos radicados no municipio.

c) **Incrementar a demanda nos sectores comercial, hostaleiro e de servizos.**

d) **Favorecer a desestacionalización** da actividade económica.

e) Contribuír ao **mantemento e xeración de emprego.**

f) Promover a **revitalización dos espazos comerciais e urbanos de Ribadeo.**

g) **Favorecer a relación directa entre as persoas consumidoras e o tecido empresarial local.**

CAPÍTULO II. RÉXIME XURÍDICO E FINANCIAMENTO

ARTIGO 3. RÉXIME XURÍDICO

O programa rexerase polas presentes bases e, no non previsto nelas, pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; pola normativa orzamentaria aplicable ás entidades locais; pola Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ribadeo; polas bases de execución do orzamento municipal e pola restante normativa que resulte de aplicación.

As subvencións concederanse con suxeición aos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia na utilización dos recursos públicos.

Cod. Validación: 43QWPR6YWF299YDCQZH94KY9J
Corrección: https://ribadeo.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 11

ARTIGO 4. CRÉDITO ORZAMENTARIO

A concesión das subvencións previstas nesta convocatoria estará limitada á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento municipal.

Para tal finalidade, destínase un crédito de SESENTA E CINCO MIL EUROS (65.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 431.48929 do orzamento do Concello de Ribadeo.

De conformidade co disposto no artigo 58 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións, poderá establecerse unha contía adicional de financiamento, sempre que exista crédito adecuado e suficiente e se cumpran as condicións e requisitos establecidos na normativa aplicable.

ARTIGO 5. RÉXIME DE CONCESIÓN

As subvencións reguladas nestas bases concederanse en réxime de concorrencia non competitiva, de conformidade co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A concesión efectuarase ás persoas solicitantes que cumpran os requisitos establecidos nas presentes bases, sen necesidade de establecer unha orde de prelación mediante a comparación ou valoración das solicitudes, ata o límite do crédito orzamentario dispoñible.

No suposto de que o crédito dispoñible non resulte suficiente para atender todas as solicitudes que cumpran os requisitos, a súa atención realizarase por orde de presentación, tomando como referencia a data e hora en que a solicitude completa quede correctamente rexistrada na plataforma habilitada para o programa.

A concesión das subvencións estará condicionada, en todo caso, á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos demais requisitos establecidos nas presentes bases. A instrución do procedemento corresponderá á unidade administrativa municipal pertencente á Concellaría de promoción económica, iniciativa empresarial e turismo, que realizará as actuacións necesarias para determinar, coñecer e comprobar os datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución.

A competencia para resolver o procedemento de concesión das subvencións corresponderá á Alcaldía do Concello de Ribadeo, de conformidade coa normativa aplicable e sen prexuízo das delegacións de competencia que, de ser o caso, se teñan acordado validamente.

CAPÍTULO III. PERSOAS BENEFICIARIAS E CONTÍA

ARTIGO 6. PERSOAS BENEFICIARIAS

Poderán ser beneficiarias do programa as **persoas físicas maiores de 18 anos** que cumpran os requisitos establecidos nestas bases.

Cod. Validación: 43QWPR6YWF299YDCQZH94KY9J
Corrección: https://ribadeo.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 11

A identidade acreditarase mediante DNI, NIE ou documento oficial equivalente válido.

As persoas beneficiarias deberán cumprir os requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como na restante normativa aplicable. Non poderán obter a condición de beneficiarias aquelas persoas nas que concorra algunha das circunstancias previstas legalmente como prohibición para obter subvencións públicas.

ARTIGO 7. CONTÍA DA SUBVENCIÓN

A subvención municipal financiará o 25 % do valor total das Panchas adquiridas pola persoa beneficiaria.
Para a aplicación desta porcentaxe, **as adquisicións efectuaranse nos tramos establecidos na seguinte táboa:**

ACHEGA DA PERSOA BENEFICIARIA	SUBVENCIÓN MUNICIPAL	VALOR DAS PANCHAS
30 €	10 €	40 €
60 €	20 €	80 €
90 €	30 €	120 €
120 €	40 €	160 €
150 €	50 €	200 €
180 €	60 €	240 €
210 €	70 €	280 €
240 €	80 €	320 €
270 €	90 €	360 €
300 €	100 €	400 €

As achegas da persoa beneficiaria realizaranse exclusivamente nos importes indicados na táboa, ata un **máximo acumulado de 300 euros por persoa e campaña.**

A subvención máxima por persoa beneficiaria será de 100 euros, correspondente a un valor máximo de 400 Panchas.

Cod. Validación: 43QWPR6YWF299YDCQZH94KY9J
Corrección: https://ribadeo.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 11

CAPÍTULO IV. CONDICIÓNS DE UTILIZACIÓN

ARTIGO 8. PERÍODO DE VIXENCIA E CONDICIÓNS DE UTILIZACIÓN DAS PANCHAS

O programa desenvolverase **desde o 1 de novembro ata o 28 de decembro de 2026, ambos os dous incluídos, ou ata o esgotamento do crédito dispoñible, se este se producise con anterioridade. As Panchas deberán ser adquiridas e utilizadas dentro deste período.**

Finalizado o período de vixencia, as Panchas non utilizadas perderán automaticamente a súa validez e non xerarán dereito a devolución, compensación ou reembolso a favor da persoa beneficiaria.

As Panchas poderán utilizarse exclusivamente nos establecementos adheridos ao programa, empregándose para a adquisición dos bens, produtos e servizos incluídos nas actividades económicas admitidas. **Queda excluída a adquisición de bebidas alcohólicas, produtos do tabaco e produtos relacionados co tabaco, así como calquera outro produto ou artigo cuxa adquisición estea expresamente excluída pola normativa aplicable ou polas presentes bases.**

Non poderán utilizarse para compras realizadas mediante comercio electrónico ou vendas en liña. **O importe máximo de Panchas que poderá utilizarse nunha única operación será de 150 euros**. Cando o importe da adquisición sexa superior ao saldo dispoñible en Panchas, a diferenza poderá ser aboada pola persoa compradora mediante outro medio de pagamento admitido legalmente polo establecemento.

ARTIGO 9. DEVOLUCIÓNS, ANULACIÓNS E CADUCIDADE

Cando proceda a devolución dunha operación realizada total ou parcialmente mediante Panchas, o establecemento deberá rexistrar a correspondente anulación ou devolución na plataforma, de maneira que quede reflectida a operación e se poida restituír, cando tecnicamente proceda, o saldo correspondente ás Panchas non definitivamente consumidas, sen que poida producirse en ningún caso un pagamento en efectivo á persoa beneficiaria polo importe inicialmente satisfeito mediante Panchas.

As operacións anuladas ou devoltas non poderán ser obxecto de liquidación a favor do establecemento pola parte correspondente ás Panchas que resulte anulada.

As Panchas non utilizadas dentro do período de vixencia do programa perderán a súa validez unha vez finalizado o prazo establecido no artigo 8.

Cod. Validación: 43QWPR6YWF299YDCQZH94KY9J
Corrección: https://ribadeo.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 11

CAPÍTULO V. SOLICITUDE, CONCESIÓN E XUSTIFICACIÓN

ARTIGO 10. ADQUISICIÓN DAS PANCHAS

As persoas interesadas poderán adquirir Panchas desde o 1 de novembro ata o 28 de decembro de 2026, ou ata o esgotamento do crédito dispoñible, se isto ocorrese antes. A solicitude realizarase mediante a páxina web habilitada para o programa (https://pancharibadeo.gal/).

Para o rexistro serán solicitados os seguintes datos:

a) Nome e apelidos.
b) DNI/NIE.
c) Enderezo.
d) Código postal.
e) Teléfono móbil.
f) Enderezo electrónico.

A persoa solicitante declarará responsablemente a veracidade dos datos achegados e o cumprimento dos requisitos establecidos nestas bases.

ARTIGO 11. CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A concesión da subvención realizarase previa comprobación do cumprimento dos requisitos establecidos nas presentes bases e da existencia de crédito adecuado e suficiente.

A concesión efectuarase por orde de presentación das solicitudes que cumpran os requisitos establecidos, ata o esgotamento do crédito dispoñible.

A detección de falsidade, fraude, duplicidade, incumprimento dos requisitos ou utilización indebida das Panchas poderá dar lugar, logo da correspondente tramitación administrativa, á perda do dereito á subvención ou ao reintegro das cantidades que procedan, de conformidade coa normativa aplicable.

ARTIGO 12. XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

Tendo en conta a natureza e finalidade do programa, a xustificación da subvención realizarase mediante a acreditación da aplicación efectiva das Panchas á adquisición de bens, produtos ou servizos subvencionables nos establecementos adheridos, mediante os rexistros e información xerados pola plataforma e a documentación xustificativa que resulte esixible.

A información rexistrada deberá permitir comprobar:

a) A identidade da persoa beneficiaria.
b) O importe da achega realizada.
c) O importe da subvención concedida.
d) As Panchas postas á disposición da persoa beneficiaria.
e) As Panchas efectivamente utilizadas.
f) A data e hora de cada operación.
g) O establecemento no que se realizou.
h) O importe total da adquisición.

Cod. Validación: 43QWPR6YWF299YDCQZH94KY9J
Corrección: https://ribadeo.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 11

i) O importe satisfeito mediante Panchas.
j) O importe satisfeito por outros medios de pagamento, cando proceda.
k) As operacións anuladas ou devoltas.
l) As Panchas caducadas ou non utilizadas.

As persoas beneficiarias e os establecementos adheridos deberán conservar a documentación xustificativa das operacións durante o prazo establecido pola normativa aplicable e sometérense ás actuacións de comprobación e control que correspondan.

A xustificación comprenderá todas as operacións realizadas durante o período de vixencia do programa, establecido no artigo 8 das presentes bases. O prazo de xustificación finalizará o 30 de decembro de 2026.

CAPÍTULO VI. ESTABLECEMENTOS ADHERIDOS

ARTIGO 13. ESTABLECEMENTOS PARTICIPANTES

Poderán participar no programa as persoas físicas ou xurídicas titulares de establecementos físicos e permanentes situados no termo municipal de Ribadeo, sempre que desenvolvan algunha das actividades económicas admitidas no programa.

Os establecementos deberán estar debidamente dados de alta na actividade económica correspondente e cumprir as obrigas tributarias e coa Seguridade Social que resulten legalmente esixibles. Deberán estar ao corrente das obrigas tributarias co Concello de Ribadeo, cando así resulte esixible conforme á normativa aplicable.

ARTIGO 14. ADHESIÓN

A adhesión realizarase mediante o formulario habilitado na páxina web https://pancharibadeo.gal/

A solicitude deberá conter:

a) Nome ou razón social.
b) Nome comercial.
c) NIF.
d) Datos da persoa representante, cando proceda.
e) Enderezo do establecemento.
f) Código postal e localidade.
g) Teléfono.
h) Correo electrónico.
i) Epígrafe ou epígrafes do IAE.
j) Data de alta da actividade.
k) IBAN.
l) Declaración responsable do cumprimento dos requisitos.

O prazo de adhesión será do 20 ao 29 de outubro de 2026, ambos os dous incluídos.

ARTIGO 15. OBRIGAS DOS ESTABLECEMENTOS

Serán obrigas dos establecementos adheridos:

Cod. Validación: 43QWPR6YWF299YDCQZH94KY9J
Corrección: https://ribadeo.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 11

a) Aceptar as Panchas nas condicións establecidas no programa.

b) Informar ás persoas usuarias sobre o seu funcionamento.

c) Identificar o establecemento como participante no programa.

d) Dispor dos medios técnicos necesarios.

e) Rexistrar correctamente as operacións na plataforma.

f) Emitir o correspondente ticket ou factura conforme á normativa aplicable.

g) Non efectuar devolucións en efectivo correspondentes ao importe satisfeito mediante Panchas.

h) Custodiar as credenciais de acceso.

i) Conservar a documentación xustificativa.

j) Someterse ás actuacións de comprobación e control.

k) Facilitar a información necesaria para a liquidación.

l) Comunicar calquera incidencia ou irregularidade.

ARTIGO 16. LÍMITE POR ESTABLECEMENTO

Cada establecemento adherido poderá recibir, como máximo, **3.000 euros correspondentes ao importe da subvención municipal aplicada nas operacións realizadas ao abeiro do programa.** Unha vez alcanzado este límite, non poderán realizarse novas operacións subvencionadas nese establecemento, salvo que o Concello acorde expresamente a súa modificación en función do crédito dispoñible e da evolución da campaña.

O límite terá por finalidade garantir unha distribución equilibrada do crédito dispoñible entre os establecementos participantes e evitar a concentración das axudas nun número reducido de establecementos.

CAPÍTULO VII. CONTROL, INCUMPRIMENTOS E REINTEGRO

ARTIGO 17. COMPROBACIÓN E CONTROL

O Concello de Ribadeo poderá realizar as comprobacións necesarias para verificar o cumprimento das condicións establecidas nas presentes bases.

A Intervención municipal exercerá as funcións de control financeiro que lle correspondan conforme á normativa aplicable.

As persoas e entidades participantes estarán obrigadas a facilitar a información e documentación requirida.

Cod. Validación: 43QWPR6YWF299YDCQZH94KY9J
Corrección: https://ribadeo.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 11

ARTIGO 18. INCUMPRIMENTOS E REINTEGRO

O incumprimento das condicións establecidas nas presentes bases poderá dar lugar, segundo proceda, á:

a) Exclusión do programa.
b) Cancelación da adhesión.
c) Suspensión da utilización das Panchas.
d) Perda do dereito á subvención.
e) Reintegro das cantidades indebidamente percibidas.
f) Esixencia das responsabilidades administrativas ou doutra natureza que correspondan.

O reintegro tramitarase conforme ao establecido na Lei 38/2003, na Lei 9/2007, nos seus respectivos regulamentos e na restante normativa aplicable.

CAPÍTULO VIII. PROTECCIÓN DE DATOS E PUBLICIDADE

ARTIGO 19. PROTECCIÓN DE DATOS

O tratamento dos datos persoais realizarase de conformidade co Regulamento (UE) 2016/679, do 27 de abril de 2016, e coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Os datos serán tratados exclusivamente para a xestión, tramitación, control, seguimento e xustificación do programa.

Os datos non poderán utilizarse para fins comerciais alleos ao programa.

ARTIGO 20. PUBLICIDADE

As bases e a información necesaria estarán dispoñibles na sede electrónica, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, así como na plataforma do programa.

Publicarase a relación de establecementos adheridos, nos termos compatibles coa normativa de protección de datos.

A convocatoria será comunicada á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) nos termos establecidos na normativa reguladora das subvencións públicas. A BDNS dará traslado do extracto da convocatoria ao diario oficial correspondente para a súa publicación, de conformidade co disposto na normativa aplicable.

CAPÍTULO IX. COMPATIBILIDADE, INFORMACIÓN E RECURSOS

ARTIGO 21. COMPATIBILIDADE

A subvención será compatible con outras axudas, subvencións, ingresos ou recursos destinados á mesma finalidade, sempre que a acumulación non supoña unha sobrefinanciación do gasto efectivamente realizado e se cumpran as condicións establecidas na normativa aplicable.

Cod. Validación: 43QWPR6YWF299YDCQZH94KY9J
Corrección: https://ribadeo.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 11

En ningún caso a suma das axudas poderá superar o custo real da adquisición ou operación subvencionada.

ARTIGO 22. INFORMACIÓN

A información relativa ao programa, establecementos adheridos, procedemento de adquisición e utilización das Panchas e demais aspectos da campaña estará dispoñible na páxina web habilitada polo Concello.

ARTIGO 23. RECURSOS

Os actos administrativos que se adopten en aplicación das presentes bases e, en particular, os relativos á concesión, denegación, perda do dereito ao cobro ou reintegro das subvencións, poñerán fin á vía administrativa, de conformidade co establecido na normativa reguladora do réxime local.

Contra os actos que poñan fin á vía administrativa poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que os ditase, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Ou ben poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdicional competente, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, de conformidade co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

No caso de interpoñerse recurso potestativo de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo o anterior sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer, de ser o caso, calquera outro recurso ou acción que estimen procedente.

DISPOSICIÓN FINAL. ACTIVIDADES ECONÓMICAS ADMITIDAS

Poderán participar no programa os establecementos situados no termo municipal de Ribadeo que desenvolvan algunha das seguintes actividades, sempre que estean debidamente dadas de alta no correspondente epígrafe do IAE e cumpran os demais requisitos establecidos nas bases:

A. COMERCIO

- Comercio polo miúdo de produtos alimenticios.
- Comercio polo miúdo de bebidas
- Comercio polo miúdo de produtos industriais non alimenticios.
- Comercio mixto ou integrado polo miúdo.
- Outras actividades comerciais expresamente admitidas na convocatoria.

Cod. Validación: 43QWPR6YWF299YDCQZH94KY9J
Corrección: https://ribadeo.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 11

B. SERVIZOS

- Lavanderías e tinturerías.
- Perruquerías.
- Salóns e institutos de beleza.
- Servizos fotográficos.
- Servizos de enmarcación.
- Determinados servizos de lecer e recreativos expresamente admitidos.

C. HOSTALARÍA

- Restaurantes.
- Cafetarías.
- Cafés e bares.
- Chocolaterías.
- Xeaderías.
- Horchaterías.
- Outros establecementos de alimentación expresamente admitidos.

D. OUTROS SERVIZOS

- Transporte por autotaxi.
- Exhibición cinematográfica.
- Outros servizos expresamente determinados na convocatoria.
-

A adquisición de bebidas alcohólicas, produtos do tabaco e produtos relacionados co tabaco estará expresamente excluída da aplicación das Panchas, aínda que o establecemento estea adherido ao programa e a súa actividade económica estea incluída entre as admitidas.

Cod. Validación: 43QWPR6YWF299YDCQZH94KY9J
Corrección: https://ribadeo.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 11